



Concello de Xínzode Limia

ACTA

Expediente núm.:

PLN/2018/6

Órgano colexiado:

O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	15 de xuño de 2018
Duración	Desde as 11:10 ata as 12:30 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello
Presidida por	MANUEL LOPEZ CASAS
Secretario	Marta Maria Gomez Ruiz

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
34729730Y	CARLOS GOMEZ SALGADO	SÍ
34944140X	ELVIRA LAMA FERNANDEZ	SÍ
34961770E	EVA ORO VILLARINO	SÍ
44451990M	FRANCISCA RODRIGUEZ RODRIGUEZ	SÍ
34984024N	JOSE ALBERTO MARTINEZ MORALES	SÍ
76716532D	LUIS MIGUEL GIL PENIN	SÍ
46506299T	MANUEL CABAS LOPEZ	SÍ
76770220S	MANUEL LOPEZ CASAS	SÍ
34957758N	MANUEL PEREZ CAMPOS	SÍ
76704603V	MARIA DOLORES CALVO LOPEZ	SÍ
44455043E	MONTSERRAT LAMA NOVOA	SÍ

Concello de Xínzode Limia

C/ Curros Enriquez, 15, Xínzode Limia. 32630 (Ourense). Tfno. 988550111. Fax: 988550112



Concello de Xinzo de Limia

44459813P	RAFAEL PENABAD GONZALEZ	SÍ
34977248K	RAMIRO RODRIGUEZ SUAREZ	SÍ
76709485T	RICARDO SIEIRO OPAZO	SÍ
52613923C	SILVIA BLANCO CUQUEJO	SÍ
34949952A	TERESA PUGA IGLESIAS	SÍ
46358849A	XOSE MIGUEL BARRIOS RODRIGUEZ	SÍ

Asisten a Sr. Interventora ***dona Mónica Legaspi Díaz*** e a Adxunta a Secretaría, ***dona M.ª Dolores Fernández Salgado***.

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Sr. Presidente pregunta aos asistentes se existe algunha obxección á acta da sesión celebrada o día ***10/05/2018***. Sometida a votación ***resulta aprobada por unanimidade a acta referida***.

Expediente 3728/2018. Moción do Grupo Municipal Popular para instar á Xunta de Galicia a modificación do artigo 8.4 e revisión do apartado b do artigo 17 da Orde 2 de maio de 2018 (Bases para concesión subvencións contratación persoas xóvenes)

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O Sr. Alcalde pide a Sra. Secretaria que de lectura ó ***Ditame da Comisión Informativa de Servizos Sociais, Igualdade e Benestar*** do día 12 de xuño de 2018, do seguinte teor literal:

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

"(...) Visto o escrito rexistrado de entrada neste Concello o día 31/05/2018 (nº 2018-E-RC-4073), presentado polos Concelleiros do Grupo Municipal Popular, por medio do cal xunta Moción do seguinte teor literal: "(...) EXPOSICIÓN DE MOTIVOS: Dende o ano 2002 no que se fundou, LIMISI como entidade para a promoción e integración das persoas con diversidade funcional da Limia ven prestando un servizo completo de calidade, a ese colectivo en risco de exclusión social en forma de atención a educación, rehabilitación, formación, ocupación e emprego. Asemade a través de LIMISI; desenvólvense actividades complementarias de ocio e tempo libre ou promoción do voluntariado entre outras. Tendo en conta que estamos nun medio rural, cunha alta taxa de desemprego, alto envellecemento da poboación e o despoboamento xeral, fan que as alternativas laborais, culturais e sociais sexan escasas.

As bases reguladoras para a concesión de subvencións, destinadas a contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de Garantía Xuvenil, a través do Programa de Cooperación coas entidades sen ánimo de lucro para o presente ano, rixense polas bases da orde aprobada o 2 de maio de 2018. Nembargantes consideramos que a devandita convocatoria discrimina ás entidades de ámbito rural, ao seren menos puntuadas polo seu territorio de actuación e deixándoas sen a posibilidade de obteren axudas autonómicas.

Por todo o anteriormente exposto propónse ao Pleno para o seu debate e posterior aprobación se procede o seguinte

ACORDO:

Instar á Xunta de Galicia á modificación do artigo 8.4 que limita a contratación de máis persoal e, do mesmo xeito, se revisen os criterios de valoración específicos que establece o artigo 17 no seu apartado b, coa finalidade de que as entidades do rural cun ámbito de actuación comarcal, poidan acceder ás axudas da Administración Autonómica. (...)"

Non producíndose debate ditamínase favorablemente cos votos a favor dos concelleiros do grupo de goberno (PP) (5+1 o Alcalde), dos concelleiros do grupo municipal "Xinzo Adiante" (2), e do Concelleiro do Grupo Mixto-BNG (1), e coas abstencións dos Concelleiros do Grupo Municipal Socialista (2), a seguinte proposta de acordo:

Instar á Xunta de Galicia á modificación do artigo 8.4 que limita a contratación de máis persoal e, do mesmo xeito, se revisen os criterios de valoración específicos que establece o artigo 17 no seu apartado b, coa finalidade de que as entidades do rural cun ámbito de actuación comarcal, poidan acceder ás axudas da Administración Autonómica. (...)"

O Sr Alcalde da paso á quenda de intervencións.

O Sr Ramiro Rodríguez Suárez maniféstase a favor da moción.

O Sr. Manuel Pérez Campos maniféstase a favor da moción.

A Sra Elvira Lama Fernández di que para que as entidades como LIMISI poidan



Concello de Xinzo de Limia

prestar servicios é preciso que contraten personal, alabando a labor encomiable que realizan, e se manifesta a favor da moción.

O **Sr Manuel Cabas López** di que se congratulan de que a aprobación da moción sexa por unanimidade, e que a revisión da normativa pode abrir as portas á entidade LIMISI a recibir subvencións inda que tamén a entidade podería ter outras alternativas como cambiar os estatutos establecendo un ámbito de actuación comarcal ou provincial.

O **Sr Alcalde** maniféstase a favor da moción e pecha a quenda de intervencións.

Tralas intervencións, a proposta de acordo resulta **aprobada por unanimidade, adoptándose o seguinte acordo:**

Instar á Xunta de Galicia á modificación do artigo 8.4 que limita a contratación de máis persoal e, do mesmo xeito, se revisen os criterios de valoración específicos que establece o artigo 17 no seu apartado b, coa finalidade de que as entidades do rural cun ámbito de actuación comarcal, poidan acceder ás axudas da Administración Autonómica.

Expediente 3733/2018- Mocion do Grupo Municipal Xinzo Adiante para solicitar a Consellería de Industria o estudo da Termalidade da Auga do denominado "Acuífero de Antela"

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O Sr. Alcalde pide a Sra. Secretaria que de lectura ó ***Ditame da Comisión Informativa de Medio Ambiente e Sanidade*** do día 12 de xuño de 2018, do seguinte teor literal:

"(...) Visto o escrito rexistrado de entrada neste Concello o día 25/05/2018 (nº 2018-E-RC-3961), presentado polos *Concelleiros do Grupo Municipal "Xinzo Adiante"*, por medio do cal xunta **Moción** do seguinte teor literal:

"(...) EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No ano 2009, a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas da Consellería de Innovación e Industria da Xunta de Galicia encargou un estudo, realizado polo xeólogo José Ramón Seara Várela, que viña a demostrar a existencia de auga termal na subcunca de Antela. Xa nos anos 1978 e 1979 atopamos antecedentes de estudos sobre o lignito que avalarían a existencia de auga termal na nosa comarca ("Investigación de lignitos en las cuencas límnicas gallegas").

Segundo o estudo de Seara Várela, estaríamos falando dun acuífero situado na Depresión de Antela, cunha extensión de 121km cadrados, situado na súa maioritaria extensión nos concellos de Xinzo de Limia, Sandias e sarreaus, formado por rochas metamórficas e sedimentos de carácter vulcano-detritico. Realizáronse varias prospeccións, na denominada "Ponte do Y", no concello de Sandias, e atopouse auga que emerxe cun caudal de entre 2 e 3 litros/segundo e a unha temperatura de 25,1 °C na superficie e 45,1°C no fondo.

Tendo en conta que a lexislación do estado español a este respecto indica que se pode considerar a existencia de auga termal cando a súa temperatura de surxencia é 45 °C superior á temperatura climática media do lugar onde abrolle; e considerando que a temperatura climática media da estación meteorolóxica de Xinzo de Limia é de 10,6 °C, existen indicios máis que abondos para poder confirmar a termalidade da auga.

Porén, cando o PP accedeu ao goberno da Xunta de Galicia no ano 2009, non se continuaron realizando prospeccións e o estudo quedou inconcluso. O fin desta moción é solicitar á Consellería de Industria que se continúe con este estudo, para confirmar a termalidade da auga e o seu posible aproveitamento termal, así como para coñecer cales son as características da

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

auga.

Consideramos que, de confirmarse a existencia de auga termalmente aproveitable na nosa comarca, podería suponer un importante pulo económico para a nosa comarca e municipio e suporía a creación de moitos postos de traballo asociados ao turismo e ao termalismo.

Así, por todo o exposto, proponemos ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

1. Solicitar á Consellería de Industria o estudo da posible existencia de auga termal na comarca da Limia e o seu aproveitamento termal, así como as características desa auga. (...)”

Non producíndose debate ditaminase favorablemente por unanimidade, a seguinte proposta de acordo:

1.- Solicitar á Consellería de Industria o estudo da posible existencia de auga termal na comarca da Limia e o seu aproveitamento termal, así como as características desa auga. (...)”

O **Sr Alcalde** da paso á quenda de intervencións.

O **Sr. Manuel Pérez Campos** agradece á Corporación o acordo unánime acadado na comisión informativa dado que é un tema interesante para esta e outras administracións, e engade que con esta moción o seu grupo pretende explorar outras vías de emprego para a comarca á marxe da agricultura e a gandería, motivo polo que prega á Xunta que teña en conta a presente moción.

A **Sra. Elvira Lama Fernández** intervén para manifestar que a Consellería no ano 2009 xa encargara un estudo sobre este tema motivo polo que considera oportuno que se retome o mesmo a fin de poder determinar a existencia dun aproveitamento termal na comarca. Engade que a Deputación Provincial, e os Concellos de Sandiás e Sarreaus xa se fixeron eco no xornal desta noticia motivo polo que propón unha emenda “in voce” á presente moción consistente en dar traslado da mesma ós concellos sinalados para que se sumen á mesma.

O **Sr Manuel Cabas López** salienta a importancia do impulso económico que suporía a termalidade da auga para Xinzo de Limia.

O **Sr Alcalde** intervén para manifestar o seu apoio á emenda proposta pola Sra. Elvira Lama Fernández, se ben propón que se amplíe aos Concellos de Vilar de Barrio, Rairiz de Veiga, Xunqueira de Ambía, Vilar de Santos, e Porqueira.

O **Sr. Manuel Pérez Campos** acepta a emenda proposta.

Tralas intervencións, a proposta de acordo **resulta aprobada por unanimidade**, **adoptándose o seguinte acordo:**

1.- Solicitar á Consellería de Industria o estudo da posible existencia de auga termal na comarca da Limia e o seu aproveitamento termal, así como as características desa auga.

2.- Dar traslado do presente acordo ós concellos de Sandiás, Sarreaus, Vilar de Barrio, Rairiz de Veiga, Xunqueira de Ambía, Vilar de Santos e Porqueira a fin de que se adhiran á petición, se o estiman convinte.

Expediente 3550/2018. Expediente de Suplemento de créditos con cargo al superávit

Concello de Xinzo de Limia

C/ Curros Enríquez, 15, Xinzo de Limia. 32630 (Ourense). Tfno. 988550111. Fax: 988550112



Concello de Xínzoo de Limia

presupuestario del 2018

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 9, En contra: 3, Abstencións: 5, Ausentes: 0

O Sr. Alcalde pide a Sra. Secretaria que de lectura ó ***Ditame da Comisión Informativa de Turismo, Comercio, Promoción Económica e Facenda*** do día 12 de xuño de 2018, do seguinte teor literal:

"(...) Vista a *Proposta da Alcaldía*, de data 07/06/2018, do seguinte teor literal:

"(...) En relación co expediente relativo á aprobación do expediente de modificación de créditos núm. 3550/2018 do Orzamento en vigor, na modalidade de Suplemento de crédito financiado con cargo a al superávit orzamentario inicial o presuposto do exercicio 2018, , emito a seguinte proposta, con base aos seguintes,

ANTECEDENTES DE FEITO

PRIMEIRO. Considerando a existencia de gastos que non poden demorarse até o exercicio seguinte, para os que non existe crédito, e dado que se dispón de 346.675 €, por Providencia de Alcaldía incoouse expediente para a concesión de suplemento de crédito financiado con cargo a o superávit orzamentario inicial o presuposto do exercicio 2018

SEGUNDO. Con data 06/06/2018, emitíuse Memoria do Alcalde na que se especificaban a modalidade de modificación do crédito, o financiamento da operación e a súa xustificación.

TERCEIRO. Con data 06/06/2018, emitíuse informe de Secretaría sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir.

CUARTO. Con data 06/06/2018 emitíuse Informe de Avaliación do Cumprimento de Avaliación do Obxectivo de Estabilidade Orzamentaria e con data 06/06/2018 por Intervención informouse favorablemente a proposta de Alcaldía.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, procedendo a súa aprobación inicial polo Pleno, de conformidade co disposto no artigo 177.2 do Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e no artigo 22.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, **POLO QUE PROPOÑO:**

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 3550/2018 do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo ao superávit orzamentario inicial o presuposto do exercicio 2018, como segue a continuación:

(...)

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Capítulo I do Título VIN da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, desenvolvido polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, que son os seguintes:

a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.

b) A inexistencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido en o Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas. No entanto, a Corporación acordará o que estime

Concello de Xínzoo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

pertinente. (...) "

Tras o debate ditáminase favorablemente cos votos a favor dos concelleiros do grupo de goberno (PP) (5+1 o Alcalde), coas abstencións dos concelleiros do grupo municipal "Xinzo Adiante" (2), dos Concelleiros do Grupo Municipal Socialista (2), e do Concelleiro do Grupo Mixto-BNG (1), a seguinte proposta de acordo:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 3550/2018 do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo ao superávit orzamentario inicial o presuposto do exercicio 2018, como segue a continuación:

CLASIFICACION ECONOMICA. RESUMO XERAL 2018

ESTADO DE GASTOS

CAP.	DESCRIPCIÓN	CONSIGNACIÓN	(%)
A. OPERACIONES CORRENTES			
10.	GASTOS DE PERSOAL	4.083.800,00	51,726
11.	GASTOS CORRENTES DE BENS E SERVIZOS	2.329.083,86	29,500
12.	GASTOS FINANCIEROS	84.124,55	1,066
13.	TRANSFERENCIAS CORRENTES	173.000,00	2,191
14.	FONDO DE CONTINXENCIA	60.000,00	0,760
	TOTAL OPERACIONES CORRENTES	6.730.008,41	85,243
B. OPERACIONES DE CAPITAL			
15.	INVERSIONS REAIS	650.000,00	8,233
16.	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	0,000
17.	ACTIVOS FINANCIEROS	12.000,00	0,152
18.	PASIVOS FINANCIEROS	503.100,00	6,372
	TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL	1.165.100,00	14,757
	TOTAL ORZAMENTOS DE GASTOS	7.895.108,41	100,00

ESTADO DE INGRESOS

CAP. DESCRIPCIÓN CONSIGNACIÓN (%)

A. OPERACIONES CORRENTES

10.	IMPOSTOS DIRECTOS	4.129.250,00	50,101
11.	IMPOSTOS INDIRECTOS	65.000,00	0,789
12.	TAXAS, PREZOS PUBLICOS E OUTROS INGRESOS	1.236.001,00	14,997
13.	TRANSFERENCIAS CORRENTES	2.646.568,50	32,112
14.	INGRESOS PATRIMONIAIS	52.963,91	0,643
	TOTAL OPERACIONES CORRENTES	8.129.783,41	98,641

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

B. OPERACIONES DE CAPITAL			
15.	ENAXENACIONS DE INVERSIONS REAIS	0,00	0,000
16.	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	100.000,00	1,213
17.	ACTIVOS FINANCIEROS	12.000,00	0,146
18.	PASIVOS FINANCIEROS	0,00	0,000
TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL		112.000,00	1,359
TOTAL ORZAMENTOS DE INGRESOS		8.241.783,41	
100,000			

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Capítulo I do Título VIN da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, desenvolvido polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, que son os seguintes:

a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralalo a exercicios posteriores.

b) A inexistencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

SEGUNDO. Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido en o Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

No entanto, a Corporación acordará o que estime pertinente. (...)"

O **Sr Alcalde** da a palabra a **Sra. Interventora** quen explica que se propón ó plenario unha modificación de crédito de catro aplicacións orzamentarias que se suplementarán co supéravit.

O **Sr Ramiro Rodríguez Suárez** anuncia a súa abstención dado que non se indicou o destino concreto das partidas de gasto, motivo polo que prega que no futuro cando se traian ó plenario expedientes deste tipo se complete a información con ditos extremos.

O **Sr. Manuel Pérez Campos** anuncia o voto en contra dado que na Comisión informativa xa se pediu máis información sobre as partidas que se están incrementando e á data de hoxe non se facilitou.

A **Sra. Elvira Lama Fernández** reitera o exposto polos restantes portavoces solicitando de novo que se indique o destino de cada partida. Asemade, critica a falla de previsión do grupo de goberno dado que as festas de Santa Mariña se celebran anualmente e, sen embargo, segundo se informou na Comisión é unha das contías que se suplementa. Polos motivos expostos, anuncia a abstención.

O **Sr Manuel Cabas López** sinala que nos atopamos ante un cambio de partidas para



Concello de Xinzo de Limia

cubrir gastos, isto é, unha reestruturación do orzamento, e que o destino das partidas “a grosso modo” xa se indicou no expediente.

O **Sr. Alcalde** remata a quenda de intervencións indicando que no presente caso nos atopamos cun crédito previsto orzamentariamente que é insuficiente, motivo polo que é preciso tramitar un expediente de suplemento de crédito para facer fronte a uns gastos inaprazables, que se van a financiar co superávit, pregándolle ós Concelleiros de Cultura e Deportes que aporten o desglose dos gastos que se van a facer fronte, engadindo por último que segundo o informado pola interventora dita modificación cumpre a estabilidade orzamentaria e a sustentabilidade financeira.

Tralas intervencións, a proposta de acordo ***resulta aprobada cos votos a favor dos Concelleiros do Grupo de Goberno (Grupo Municipal Popular (8+1, o Alcalde)), coas abstencións dos Concelleiros do Grupo Municipal Socialista (4), e do Grupo Mixto (1), e cos votos en contra do Grupo municipal “Xinzo Adiante” (3), adoptándose o seguinte acordo:***

PRIMEIRO. *Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos núm. 3550/2018 do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de crédito, financiado con cargo ao superávit orzamentario inicial o presuposto do exercicio 2018, como segue a continuación:*

Créditos en Aplicacións de Gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Suplemento de Crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
920	221.00	Energía Eléctrica	395.000 €	160.000 €	555.000 €
920	227.99	Otros traballos realizados por empresas	106.000 €	40.000 €	146.000 €
330	226.09	Actividades Culturales	150.000 €	93.000 €	243.000 €
340	226.09	Actividades Deportivas	32.000 €	20.000 €	52.000 €
		TOTAL		313.000 €	

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

Esta modificación finánciase con cargo ao superávit orzamentario inicial o presuposto do exercicio 2018 , de acordo co seguinte detalle:

CLASIFICACION ECONOMICA. RESUMO XERAL 2018

ESTADO DE GASTOS			
CAP.	DESCRIPCIÓN	CONSIGNACIÓN	(%)
A. OPERACIONES CORRENTES			
10.	GASTOS DE PERSOAL	4.083.800,00	51,726
11.	GASTOS CORRENTES DE BENS E SERVIZOS	2.329.083,86	29,500
12.	GASTOS FINANCIEROS	84.124,55	1,066
13.	TRANSFERENCIAS CORRENTES	173.000,00	2,191
14.	FONDO DE CONTINXENCIA	60.000,00	0,760
	TOTAL OPERACIONES CORRENTES	6.730.008,41..	85,243
B. OPERACIONES DE CAPITAL			
15.	INVERSIONS REAIS	650.000,00	8,233
16.	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	0,000
17.	ACTIVOS FINANCIEROS	12.000,00	0,152
18.	PASIVOS FINANCIEROS	503.100,00	6,372
	TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL	1.165.100,00	14,757
	TOTAL ORZAMENTOS DE GASTOS	7.895.108,41	100,00

ESTADO DE INGRESOS

CAP.	DESCRIPCIÓN	CONSIGNACIÓN	(%)
A. OPERACIONES CORRENTES			
10.	IMPOSTOS DIRECTOS	4.129.250,00	50,101
11.	IMPOSTOS INDIRECTOS	65.000,00	0,789
12.	TAXAS, PREZOS PUBLICOS E OUTROS INGRESOS	1.236.001,00	14,997
13.	TRANSFERENCIAS CORRENTES	2.646.568,50	32,112
14.	INGRESOS PATRIMONIAIS	52.963,91	0,643
TOTAL OPERACIONES CORRENTES		8.129.783,41	98,641
B. OPERACIONES DE CAPITAL			
15.	ENAXENACIONES DE INVERSIONS REAIS	0,00	0,000

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xunzo de Limia

16.	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	100.000,00	1,213
17.	ACTIVOS FINANCIEROS	12.000,00	0,146
18.	PASIVOS FINANCIEROS	0,00	0,000
	TOTAL OPERACIONES DE CAPITAL	112.000,00	1,359
	TOTAL ORZAMENTOS DE INGRESOS	8.241.783,41	100,000

Ademais, queda acreditado o cumprimento dos requisitos que establece o artigo 37.2, apartados a) e b), do Capítulo I do Título VIN da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, desenvolvido polo Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, que son os seguintes:

a) O carácter específico e determinado do gasto a realizar e a imposibilidade de demoralalo a exercicios posteriores.

b) A inexistencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica, que deberá verificarse no nivel en que estea establecida a vinculación xurídica.

SEGUNDO. *Expor este expediente ao público mediante anuncio inserido en o Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.*

Expediente 3609/2018.Xefatura Provincial de Tráfico. Posible cesión de competencias en tráfico por insuficiencia de medios municipais.

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 9, En contra: 0, Abstencións: 8, Ausentes: 0

O Sr. Alcalde pide a Sra. Secretaria que de lectura ó ***Ditame da Comisión Informativa de Persoal, Rexime Interior e Tráfico*** do día 12 de xuño de 2018, do seguinte teor literal:

"(...) Visto o informe de *Secretaría*, de data 07/06/2018, do seguinte teor literal:

"(...) *De acordo co ordenado pola Alcaldía mediante Providencia verbal, e en cumprimento do establecido no artigo 3.a) do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro, polo que se regula o Réxime Xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte, INFORME EN RELACIÓN A DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DE LA ENTIDAD LOCAL DE XINZO DE LIMIA EN MATERIA DE TRÁFICO EN VÍAS URBANAS DURANTE LAS HORAS DESERVICIO NOCTURNO LOS DÍAS DE SEMANA*

PRIMEIRO. Segundo o indicado no escrito remitido pola Xefatura Provincial de Tráfico, dado que en Xunzo de Limia non se conta con servizo nocturno de policía local os días de semana, co fin de evitar malosentendidos e poder prestar servizos ao cidadán

Concello de Xunzo de Limia



Concello de Xunzo de Limia

afectado, podería ser de interese realizar unha cesión de competencias a favor da Xefatura Provincial de Tráfico de Ourense, incluíndo a vixilancia, control, denuncia e sanción de infracción en vías urbanas e en xeral as que correspondan á Policía Local, en horas de servizo nocturno os días de semana. SEGUNDO. No non previsto no Título III, sobre Relacións Interadministrativas da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, as relacións entre a Administración Xeral do Estado ou as Administracións das Comunidades Autónomas coas Entidades que integran a Administración Local rexeranse pola lexislación básica en materia de réxime local.

TERCEIRO. A Lexislación aplicable é a seguinte:

- Os artigos 22.2.p), 47.2.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

- O artigo 9 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Régimen Jurídico del Sector Público.

- Art 84.4 do Real Decreto Legislativo 6/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor y Seguridad Vial.

-CUARTO. Procedemento a seguir

Neste caso, tendo en conta que se propón unha delegación de competencias, é preciso que a aprobación da mesma se realice por maioría absoluta do plenario, segundo o establecido na Lei de Bases de Réxime Local:

“47. 2. Se requiere el voto favorable de la mayoría absoluta del número legal de miembros de las corporaciones para la adopción de acuerdos en las siguientes materias:(...)”

h) Transferencia de funciones o actividades a otras Administraciones públicas, así como la aceptación de las delegaciones o encomiendas de gestión realizadas por otras administraciones, salvo que por ley se impongan obligatoriamente.(...)”

Por outra banda, segundo o establecido no artigo 9 da Lei 40/2015,3. “Las delegaciones de competencias y su revocación deberán publicarse en el «Boletín Oficial del Estado», en el de la Comunidad Autónoma o en el de la Provincia, según la Administración a que pertenezca el órgano delegante, y el ámbito territorial de competencia de éste.” polo que o acordo plenario de delegación debe ser publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. (...)”

Vista a Proposta da Alcaldía, de data 07/06/2018, do seguinte teor literal:

“(…) PROPUESTA DE ALCALDÍA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS JEFATURA PROVINCIAL DE TRÁFICO (SERVICIO NOCTURNO EN DÍAS DE SEMANA)

Visto escrito remitido por la Xefatura Provincial de Tráfico de Ourense en fecha 9/04/2018 con Registro de entrada número 3232 en el que se indica que dado que en Xunzo de Limia, Verín, Barco de Valdeorras e Carballiño no se cuenta con servizo nocturno de policía local los días de semana, con el fin de evitar malosentendidos y poder prestar servicios al ciudadano afectado, podría ser de interés realizar una cesión de competencias a favor de la Jefatura Provincial de Tráfico de Ourense, incluyendo la vigilancia, control, denuncia y sanción de infracción en vías urbanas y en general las que correspondan a la Policía Local, en horas de servizo nocturno los días de semana. Visto informe del Jefe de Policía Local, apoyando la iniciativa, pues por el momento el personal municipal no puede asumir estos servicios.

Visto informe de Secretaría sobre la legislación aplicable y el procedimiento a seguir.

PROPONGO

Concello de Xunzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

1) Realizar una delegación de competencia a favor de la Jefatura Provincial de Tráfico de Ourense, relativa a la vigilancia, control, denuncia y sanción de infracción en vías urbanas y en general aquellas otras competencias que correspondan a la Policía Local en horas de servicio nocturno los días de semana.

2) Publicar el presente acuerdo en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense. (...)"

A Sra. Elvira Lama propón engadir no punto 1 "Hasta que se pueda hacer cargo del servicio la Policía Local", e sendo a proposta aceptada, ditáminase favorablemente cos votos a favor dos concelleiros do grupo de goberno (PP) (5+1 o Alcalde), dos concelleiros do grupo municipal "Xinzo Adiante" (2), e coa abstención dos Concelleiros do Grupo Municipal Socialista (2), e do Concelleiro do Grupo Mixto-BNG (1), a seguinte proposta de acordo:

1) Realizar una delegación de competencia a favor de la Jefatura Provincial de Tráfico de Ourense, relativa a la vigilancia, control, denuncia y sanción de infracción en vías urbanas y en general aquellas otras competencias que correspondan a la Policía Local en horas de servicio nocturno los días de semana, hasta que se pueda hacer cargo del servicio la Policía Local.

2) Publicar el presente acuerdo en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense.(...)"

O **Sr Alcalde** da paso á quenda de intervencións.

O **Sr Ramiro Rodríguez Suárez** intervéñen para por de manifesto dúas reflexións en relación ó presente punto da orde do día: unha primeira, relativa a que resulta paradoxico que os concellos teñan que facer fronte a competencias que non son súas e, sen embargo, non poidan asumir as propias; e unha segunda, relativa a que tamén resulta paradoxico que nos atopemos nun Concello cunha plantilla sobredimensionada e, sen embargo, no que atinxe á policía nos atopemos por debaixo do baremo recomendado pola Xunta de Galicia (18 policías por 10.000 habitantes), se ben puntualiza o feito de que o non contar con RPT non se pode saber con certeza se estamos ante un suposto de sobredimensión de persoal. Engade, facendo referencia a un parágrafo do informe do Xefe da Policía obrante no expediente, que o Concello debería ser quen asumise o esforzo de dotar á policía de medios humanos e técnicos, recomendando ó grupo de goberno que tomen nota do mesmo para que esta cesión de competencias sexa polo menor tempo posible. Por último, anuncia a abstención.

O **Sr. Manuel Pérez Campos** indica que comparte o exposto polo portavoz do grupo mixto, salientando o feito de que o grupo de goberno non está a facer as labores necesarias neste ámbito como se pon de manifesto no número de policías locais cos que contamos e ós que deberíamos contar segundo recomenda a Xunta de Galicia. Por último, anuncia a abstención.

A **Sra. Elvira Lama Fernández** di que para evitar malos entendidos, segundo o indicado no escrito do Xefe Provincial de Tráfico, é preciso facer a delegación, se ben manifesta que a plantilla está reducida con respecto o recomendado pola Xunta de Galicia. Asemade, sinala que só se están a ceder competencias de sanción, non quedando cubertas o resto de competencias da policía local, tales como roubos, etc, o que conleva que a pesar da delegación que se quere levar a cabo o servizo non vai quedar cuberto, polo que este acordo non é máis que "un parche".

O **Sr Manuel Cabas López** sinala que proximamente se vai a ampliar a plantilla con

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

dous policíaos novos, e engade que a delegación refírese a todas as funcións que realiza a policía local, non só no ámbito sancionador, e que a presente delegación non só a fai o Concello de Xinzo de Limia senón que se atopan nesta mesma situación outros Concellos como Verín e o Barco de Valdeorras.

O **Sr Alcalde** remata a quenda de intervencións destacando o feito de que na actualidade se conta con 15 policíaos locais a maiores de dous que se atopan pendentes de facer o curso, se ben puntualiza que un xubírase en setembro e que dita delegación farase ata que o Concello se poida facer cargo das citadas competencias. Asemade, sinala que o reforzo en seguridade que se vai a conseguir coa presente delegación non vai xerar gasto algún ó Concello, aclarando que tan pronto os orzamentos permitan ampliar a plantilla, farase.

Tralas intervencións, a proposta de acordo **resulta aprobada cos votos a favor dos Concelleiros do Grupo de Goberno (Grupo Municipal Popular (8+1, o Alcalde)), e coas abstencións dos Concelleiros do Grupo Municipal Socialista (4), dos concelleiros do Grupo municipal "Xinzo Adiante" (3), e do concelleiro do Grupo Mixto (1), adoptándose o seguinte acordo:**

- 1) Realizar una delegación de competencia a favor de la Jefatura Provincial de Tráfico de Ourense, relativa a la vigilancia, control, denuncia y sanción de infracción en vías urbanas y en general aquellas otras competencias que correspondan a la Policía Local en horas de servicio nocturno los días de semana, hasta que se pueda hacer cargo del servicio la Policía Local.**
- 2) Publicar el presente acuerdo en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense.**

Expediente 3744/2018. Moción do Grupo Municipal Socialista para adaptar os espazos públicos do Concello de Xinzo de Limia á Lei de Accesibilidade de Galicia

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O Sr. Alcalde pide a Sra. Secretaria que de lectura ó ***Ditame da Comisión Informativa de Obras, Urbanismo e Infraestruturas*** do día 12 de xuño de 2018, do seguinte teor literal:

"(...) Visto o escrito rexistrado de entrada neste Concello o día 07/06/2018 (nº 2018-E-RC-4216), presentado polos *Concelleiros do Grupo Municipal Socialista*, por medio do cal xunta **Moción do seguinte teor literal:**

"(...) **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

Dende o ano 2014 contamos en Galicia cunha lei de accesibilidade LEY 10/2014, de 3 de decembro, que recolle no seu articulado as obrigas das administracións públicas nesta materia. Di textualmente na súa exposición de motivos:

"Esta Lei de accesibilidade de Galicia ten como obxectivos acadar unha sociedade inclusiva e accesible que garanta a autonomía das persoas, evite a discriminación e favoreza a igualdade de oportunidades para toda a cidadanía, especialmente para as persoas que teñen



Concello de Xinzo de Limia

discapacidades, nun marco demográfico tendente ao incremento da esperanza de vida e ao envellecemento da poboación; dispoñer dun marco normativo propio, simplificado e eficiente, en materia de accesibilidade, adecuado ás directrices internacionais e estatais, no exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia; e facer realidade o concepto de accesibilidade e deseño para todos, nos procesos, proxectos, produtos e servizos, de xeito que se facilite o uso universal, con plena seguridade, do medio físico, e que se eviten gastos posteriores de eliminación de barreiras".

Dende o grupo municipal socialista levamos presentado numerosas iniciativas a prol da supresión das barreiras arquitectónicas, para que o concello de Xinzo cumpra coa lei, obtendo apoio da corporación nalgún caso e facendo caso omiso outras veces nas numerosas intervencións deste grupo que lies recorda en cada reunión as dificultades as que se enfrontan a cotío as persoas con mobilidade reducida,

Os espazos públicos nos que denunciábamos carencias de accesibilidade seguen a día de hoxe mostrando os mesmos problemas, e en moitos casos aínda peor, xa que as poucas rúas peonís do centro da vila teñen as pedras rotas e soltas, e algunhas fochancas que fai mol difícil transitar por elas cando a mobilidade reducida obriga a usar cadeiras de rodas,

Os parques públicos tampouco se libran das críticas polo seu incumprimento flagrante, e a modo de exemplo o do Toural, remodelado hai un ano na zona de xogos pero inaccesible para as persoas con reducida mobilidade dende a rúa Alexandre bóveda, as que non lles queda mais remedio que acceder pola estrada que vai paralela o río Limia

Na mesma piscina municipal climatizada se discrimina a este colectivo de persoas, cando no canto de instalar un elevador que se podía instalar no exterior do edificio, como se fixo no Museo Galego do Entroido, a solución para acceder o futuro ximnasio agora na planta superior, pasa por subir pola rampa no exterior do edificio.

Os rebaixes nas rampas de acceso nos pasos de peóns incumpren tamén a normativa, porque non é suficiente o desnivel que non remata na rúa e moitas cadeiras de rodas cando as persoas van sen acompañante non dan subido, sirva a modo de exemplo os pasos de peóns que dan acceso a Praza Maior de Xinzo, por non falar do paso de peóns na Rúa Ladeira que non ten rampa nunha das beírrúas fronte a nova farmacia .

Nas prazas destinadas a aparcamento para discapacitados , faise necesario a sinalización tanto vertical como horizontal tanto para que utilicen as persoas autorizadas, como para disuadir os que non o son

Nos edificios públicos mais do mesmo, as aulas da Casa da Cultura do segundo andar non contan nin con rampa nin con elevador, polo que o acceso para estas persoas tamén esta vetado,

Nos espazos deportivos como é o Pavillón de Deportes de Xinzo o acceso queda restrinxido a pista polideportiva con entrada polo acceso lateral, dado que no acceso principal nos atopamos con dous accesos con escaleiras tanto para subir a zona de gradas como para baixar a zona de vestiarios. Con outra particularidade neste espazo en concreto os aseos quedan vetados para estas persoas dado que dende a zona de pistas aos baños tamén hai escaleiras.

Outro espazo que non conta con acceso para este colectivo de persoas, e a Escola de Gaitas e Percusión de Xinzo, da cal este grupo Municipal Socialista pediu a súa reforma e acondicionamento, tamén para adáptala a normativa.



Concello de Xinzo de Limia

O colectivo de persoas con discapacidade vaj mais aló das persoas con mobilidade reducida, faise necesario tamén medidas sonoras nos semáforos dos pasos de peóns, e tamén información na linguaxe de signos para invidentes, así como outras que estean contempladas na lexislación vixente...

Compre facer unha revisión ampla, completa e minuciosa dos edificios públicos e dos espazos de lecer, parque, xardíns, rúas e beirarrúas, construcións moitas delas sen adoptar na súa meirande parte a nova normativa da Xunta de Galicia dende o ano 2014 é que está en vigor dende o 17 de marzo de 2015.

Por todo o exposto anteriormente sometemos a debate e aprobación a seguinte

PROPOSTA DE ACORDO

1.-Que o concello de Xinzo elabore cos servizos técnicos do Concello, en colaboración coa Policía Local una relación das eivas e incumprimentos en tódolos lugares públicos que precisen de adaptación a normativa.

2.-Que se redacten por parte dos técnicos do servizo de urbanismo os proxectos necesarios para cumprir coa normativa en vigor.

3.-Que se habilite partida orzamentaria para poder levar a cabo coa maior celeridade as obras e instalación de servizos cos que cumprir con lei de Accesibilidade de Galicia.

4.-Solicitar das administración competentes, Deputación Provincial e Xunta de Galicia, as axudas e subvención necesarias habilitadas a tal fin.(...)"

Tras o debate ditamínase favorablemente por unanimidade a seguinte proposta de acordo:

1.-Que o concello de Xinzo elabore cos servizos técnicos do Concello, en colaboración coa Policía Local una relación das eivas e incumprimentos en tódolos lugares públicos que precisen de adaptación a normativa.

2.-Que se redacten por parte dos técnicos do servizo de urbanismo os proxectos necesarios para cumprir coa normativa en vigor.

3.-Que se habilite partida orzamentaria para poder levar a cabo coa maior celeridade as obras e instalación de servizos cos que cumprir con lei de Accesibilidade de Galicia.

4.-Solicitar das administración competentes, Deputación Provincial e Xunta de Galicia, as axudas e subvención necesarias habilitadas a tal fin. (...)"

O Sr Alcalde da paso á quenda de intervencións.

A Sra. Elvira Lama Fernández, como autora da moción, intervéñ para manifestar que están á vista dos veciños as eivas que existen nesta materia no Concello de Xinzo e os reiterados incumprimentos da normativa, salientando o feito de que hai incumprimentos que non requiren moito orzamento tales como sinais sonoras, rebaixar beirarrúas, etc. Recórdalle ó grupo de goberno que a presente moción xa se trouxo nos anos 2016 e 2017 e que, sen embargo, fíxose pouco neste ámbito.

O Sr Ramiro Rodríguez Suárez reitera o exposto pola portavoz do grupo socialista e recórdalle ó grupo de goberno que non se está a falar de boas intencións e desexos senón da lei de accesibilidade, por iso, indica que non valen excusas dado que nos atopamos ante unha lei de obrigado cumprimento e que o resultado da aplicación da mesma é a prol de facilitar a moitas persoas a súa vida diaria no pobo.



Concello de Xinzo de Limia

O Sr. **Manuel Pérez Campos** intervén para manifestar o seu apoio á moción.

O Sr **Manuel Cabas López** anuncia o seu voto a favor da moción indicando que xa estabamos eliminando e continuamos eliminando barreiras en obras novas así como outras actuacións, dando resposta inmediata ás queixas dos veciños neste eido, sendo o obxectivo do grupo de goberno que a brigada de obras termine coas barreiras.

A Sra. **Elvira Lama Fernández**, en relación ó manifestado polo portavoz do grupo de goberno puntualiza que a moción non se refire á “obra nova” dado que a mesma se non cumpre a lei de accesibilidade non pode ser certificada polos técnicos, senón que o que se refire é ás obras que xa están executadas e non cumpren a lei.

O Sr **Alcalde** recorda ó plenario que neste tema é fácil caer na demagogia, dado que a Lei 10/2014 ten un ámbito de aplicación moi amplo que é imposible cumprir sen financiamento. Asemade, indica que neste eido a corporación fixo un esforzo dentro do que permiten os orzamentos, concretamente, instalando rampas, prazas de aparcadoiro, instalación dun ascensor no edificio dos servizos sociais, etc., inda que recoñece o feito de que queda moito por facer. Remata a súa intervención comprometéndose a seguir na labor feita ata agora se ben recorda que hai un problema de financiamento vencellado coa moción presentada.

Tralas intervencións, a proposta de acordo **resulta aprobada por unanimidade, adoptándose o seguinte acordo:**

1.-Que o concello de Xinzo elabore cos servizos técnicos do Concello, en colaboración coa Policía Local una relación das eivas e incumprimentos en tódolos lugares públicos que precisen de adaptación a normativa.

2.-Que se redacten por parte dos técnicos do servizo de urbanismo os proxectos necesarios para cumprir coa normativa en vigor.

3.-Que se habilite partida orzamentaria para poder levar a cabo coa maior celeridade as obras e instalación de servizos cos que cumprir con lei de Accesibilidade de Galicia.

4.-Solicitar das administración competentes, Deputación Provincial e Xunta de Galicia, as axudas e subvención necesarias habilitadas a tal fin.

Expediente 3575/2018. Moción do Grupo Municipal Socialista sobre a ampliación do Parque Empresarial de Xinzo de Limia:

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

O Sr. Alcalde pide a Sra. Secretaria que de lectura ó ***Ditame da Comisión Informativa de Obras, Urbanismo e Infraestruturas*** do día 12 de xuño de 2018, do seguinte teor literal:

"(...) Visto o escrito rexistrado de entrada neste Concello o día 30/05/2018 (nº 2018-E-RC-



Concello de Xinzo de Limia

4036), presentado polos *Concelleiros do Grupo Municipal Socialista*, por medio do cal xunta Moción do seguinte teor literal:

"(...) EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Polígono Industrial de Xinzo de Limia, foi inaugurado en 1998, dende aquelas foi ampliado en dúas ocasións, e a pesares da crises económica do noso país, que se levou por diante moitos postos de traballo e o peche de moitas empresas, o certo é que non temos solo industrial no noso polígono para ofertar as empresas que se queiran instalar ou para a ampliación de aquelas que a día de hoxe están radicadas nel.

A demografía ten moito que ver cos datos económicos e o asentamento de poboación nunha zona, aumentando e diminuíndo si as perspectivas de futuro no emprego son mais ou menos favorables. Así podemos constatar que naquelas zonas onde existen e resisten empresas de pequeno tamaño ou de tamaño medio, crece a demografía porque os mais novos inician o seu proxecto vital. Non debemos esquecer que o noso concello perde poboación cada mes e que estamos por debaixo dos 10.000 habitantes. Unha boa forma de intentar parar este proceso ten moito que ver coa necesidade de que se instalen novas empresas, se cree emprego e para elo faise imprescindible a ampliación do noso Parque Empresarial.

O Grupo de goberno dixo que pediu a axilización dos tramites para que se inicie a construción da 3ª fase no Polígono, xa era una demanda no ano 2015 o inicio desta lexislatura, pero no ano 2018 continuamos a espera de noticias da Consellería de infraestruturas e vivenda e de Xestur como organismo encargado da construción e ampliación dos parques empresariais. Cabe recordar neste intre que xa se fixo a adquisición de unha parcela por parte de un empresario particular a cal tiña que urbanizar pola súa conta cando asinou a compra da mesma e que ia estar destinada a Fabricación de almidón modificado a partires de variedades axeitas de pataca.

As afirmación nos medios de comunicación de quen hoxe e alcalde e daquelas responsable da área Sr. López Casas, para demandar a ampliación eran que "non hai metros dispoñibles" a pesares de termos un dos polígonos mellor comunicados de Galicia ao carón da A-2 que nos conecta directamente coa Meseta e coa vía de saída por mar no Porto de Vigo, a una hora e media escasa de recorrido, así como a 10 minutos da estación do tren en Vilar de Barrio.

A finais do ano 2017, os grupos da corporación votábamos a favor de asinar un convenio de adhesión entre a Xunta e a Fegamp para ser "Concello Doing Busines Galicia" co obxectivo de dar facilidades e rebaixar algunhos impostos a aquelas empresas que quixeran asentarse no noso Parque empresarial en función do numero de traballadores e dos postos de traballo de nova creación.

Por outra banda hai que dicir que esa sinatura do Convenio coa Xunta leva aparelhada a inmediata rebaixa de impostos como o IBI, ICIO, IAE, aplicable as empresas de ata un 95% dependendo do numero de postos de traballo que podan crear. Un tramite que no seu día foi obviado polo PP de Xinzo aducindo que non era necesario e do que foi advertido polo grupo socialista como imprescindible para que o convenio poda ter os efectos desexados.

Así mesmo a finais de 2017 se anunciaba por parte do grupo de goberno que os inicios da ampliación do Polígono na súa 3ª fase se iniciarian no primeiro trimestre de 2018, pero a piques de rematar o segundo trimestre seguimos a espera.

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

Dende o Grupo Municipal Socialista creemos que: "podemos asinar moitos convenios pero si non dispoñemos de metros que ofrecer, as posibles empresas marcharan en busca de parcelas nas que poder iniciar a súa actividades con dilixencia e non esperar anos para asentarse en Xinzo pendentes da urbanización e ampliación do seu Parque empresarial".

A resultas de todo o exposto e para conquistar tres obxetivos principais e interrelacionados que son :

- 1. Iniciar ampliación do Parque empresarial de Xinzo coa maior urxencia e celeridade.*
- 2. Crear emprego de calidade coa implantación de novas empresas para que os novos podan iniciar o seu proxecto vital.*
- 3. Aumentar a demografía do concello como consecuencia de embalas dúas anteriores.*

O grupo municipal socialista presenta para o seu debate e aprobación a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO

- 1. Solicitar da Xunta de Galicia a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo (I.G.V.S) e de Xestur a máxima urxencia e celeridade na resolución dos tramites administrativos de cara a iniciar a ampliación do parque empresarial de Xinzo de Limia.*
- 2. Iniciar a revisión e modificación dos impostos municipais: ICIO, IBI e IAE esixibles polo Convenio de adhesión entre Xunta e Fegamp para ser Concello Doing Business Galicia, e poder aplicalas as empresas en función do numero de postos de traba I lo que podan crear.*
- 3. Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia, o IGVS dependente da Consellería de Infraestruturas e Vivenda e a Xestur para o seu cumprimento.(...)"*

Visto o informe desfavorable do Departamento de Intervención, de data 07/06/2018.

O **Sr. Alcalde** propon retirar o punto 2 da moción por ser o informe de Intervención negativo sendo a proposta aceptada e polo tanto ditaminada favorablemente por unanimidade a seguinte proposta de acordo:

- 1. Solicitar da Xunta de Galicia a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo (I.G.V.S) e de Xestur a máxima urxencia e celeridade na resolución dos tramites administrativos de cara a iniciar a ampliación do parque empresarial de Xinzo de Limia.*
- 2. Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia, o IGVS dependente da Consellería de Infraestruturas e Vivenda e a Xestur para o seu cumprimento. (...)"*

O **Sr Alcalde** da paso á primeira quenda de intervencións.

A **Sra .Elvira Lama Fernández**, indica que con esta moción denunciase a falta de parcelas no parque empresarial o que conleva unha perda da creación de emprego, motivo polo que se solicita que o grupo de goberno teña unha reunión urxente co conselleiro e con Xestur para que se faga a ampliación da terceira fase do polígono á maior brevidade posible, aclarando que accede a retirar o punto dous da moción como así se decidiu na Comisión Informativa por mor do informe de intervención. Asemade,



Concello de Xinzo de Limia

salienta a reunión que tivo lugar cos empresarios do polígono na que se puxeron de manifesto múltiples queixas por mor das carencias importantes que presenta o polígono, tales como o estado dos viais, a falla de paneis informativos co nome das empresas, o feito de que a parcela que ten o Concello atópese abandonada sen limpar, a falla de iluminación do polígono, etc, actuacións todas elas que poñen de manifesto que o grupo de goberno non está a atender as necesidades dos empresarios, destacando o manifestado pola propia Delegada territorial en relación a que existen subvencións para solventar esas eivas e que, sen embargo, o Concello non as solicitou.

O **Sr Ramiro Rodríguez Suárez** recorda ó plenario que o Concello de Xinzo de Limia podería ter un dos mellores parques empresariais de Ourense pola súa situación estratéxica e que, sen embargo, non existen parcelas para que se poidan instalar as empresas.

O **Sr. Manuel Pérez Campos** intervén para manifestar o seu apoio á moción e critica a incompetencia mostrada por Xestur na xestión levada a cabo dado que a fase 4 que se puxo á venda a principios do ano 2016, as parcelas foron vendidas de xeito inmediato e, sen embargo, á data actual as escrituras aínda está sen asinar, motivo polo que insta o Concello que xestione directamente as parcelas.

O **Sr Manuel Cabas López** di que as carencias do polígono son escoitadas e entregadas a quen corresponde e que efectivamente a situación estratéxica do polígono é moi boa. Recorda á oposición que o grupo de goberno leva moitos anos traballando pola ampliación do polígono e porque se executen as mellores pero as peticións non foron atendidas a data actual. Remata a súa intervención indicando que como se precisa a ampliación do polígono, o grupo de goberno votará a favor da moción.

O **Sr Alcalde** da paso á segunda quenda de intervencións

A **Sra. Elvira Lama Fernández**, intervén contestándolle ó portavoz do grupo de goberno que está de acordo na autocrítica pero hai que salientar que esta non é bastante para resolver os problemas, senón que hai que desprazarse a Santiago a negociar e responder ás demandas dos empresarios.

O **Sr. Alcalde** intervén para apoiar a moción indicando que o parque empresarial foi inaugurado hai vinte anos e que no ano 2011 contaba con 19 empresas e a data actual con 40. Salienta o feito de que se levan tido múltiples conversas con Xestur e que na última se informou que se está contratando á empresa que ten que valorar os terreos para a expropiación. En canto a proposta de ampliación feita polo Concello no seu día, na que se cambiaba o plan de fases, tivo que posteriormente modificarse dado que a proposta remitida por Xestur situaba unha rotonda moi preto doutra xa existente, o que motivou un cambio no proxecto dado que non tiña sentido deixar dúas rotondas en 250 metros, motivo polo que se propuxo que a segunda rotonda se situase no cruce onde a pista da gasolinera e que se fixera unha vía de acceso á nova fase. Polo que atinxe á reunión a que alude a portavoz do grupo municipal socialista coa delegada territorial,



Concello de Xinzo de Limia

indica que se trataron temas tales como o dos paneis informativos co nome das empresas, a mellora da capa de rodadura dos viais, a ampliación do parque, así como o destino social do terreo dotacional susceptible de convenio. En cando o manifestado pola falta de limpeza da parcela do Concello, indica que ese mesmo día o Deputado Provincial de Cooperación cos Concellos comprometeuse á limpeza. Remata a intervención agradecendo a moción presentada ó grupo municipal socialista e indicando que o Concello ten que seguir loitando para que o polígono industrial conte á maior brevidade posible con oferta de parcelas para os empresarios interesados.

Tralas intervencións, a proposta de acordo **resulta aprobada por unanimidade, adoptándose o seguinte acordo:**

- 1. Solicitar da Xunta de Galicia a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo (I.G.V.S) e de Xestur a máxima urxencia e celeridade na resolución dos tramites administrativos de cara a iniciar a ampliación do parque empresarial de Xinzo de Limia.***
- 2. Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia, o IGVS dependente da Consellería de Infraestruturas e Vivenda e a Xestur para o seu cumprimento.***

Expediente 3628/2018. Moción do Grupo Municipal Popular para cesión de viais de titularidade municipal á Deputación Provincial de Ourense

Favorable

Tipo de votación: Ordinaria

A favor: 9, En contra: 3, Abstencións: 5, Ausentes: 0

O Sr. Alcalde pide a Sra. Secretaria que de lectura ó ***Ditame da Comisión Informativa de Obras, Urbanismo e Infraestruturas*** do día 12 de xuño de 2018, do seguinte teor literal:

"(...) Visto o escrito rexistrado de entrada neste Concello o día 31/05/2018 (nº 2018-E-RC-4080), presentado polo *Grupo Municipal Popular*, por medio do cal xunta Moción do seguinte teor literal:

"(...) PROPOSTA DE CESIÓN DE VÍAIS DE TITULARIDADE MUNICIPAL A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O Concello de Xinzo, con medios propios, realiza labours de conservación nos viais municipais con bacheos, regó asfáltico, limpeza de cunetas e desbroces, así como o mantemento da sinalización vertical dun xeito periódico.

Nos últimos tempos e debido ao incremento de tránsito de vehículos pesados este mantemento require unha maquinaria da que o Concello carece.

Coa finalidade de que os viáis de comunicación teñan unha correcta atención no seu estado de mantemento, é polo que se presenta ao pleno para o seu debate e aprobación, se procede, a



Concello de Xinzo de Limia

seguinte:

MOCIÓN:

A estrada de titularidade Municipal que dende A Lomba comunica os pobos de Mosteiro de Ribeira, A Gorgoloza, Cima de Ribeira e Soutelo de Ribeira cunha lonxitude de 5 km, dende a estrada Ou 301 ata estrada Ou 1112 e o vial que vai dende O Cabreiro a Gudín, cunha lonxitude de 2,5 km dende a estrada Ou 1107 P.K 8.2 a estrada Ou 1108 P.K 7, presentan grandes deficiencias na capa de rodadura e na sinalización vertical e horizontal.

Por todo o exposto, propónse ao pleno para o seu debate e aprobación se procede do seguinte:

ACORDO: Ceder a titularidade das devanditas estradas a Deputación Provincial de Ourense para o seu mantemento e conservación.(...)"

Visto o informe técnico municipal, de data 07/06/2018, do seguinte teor literal:

"(...) Expte. 3628/2018ASUNTO: INFORME SOBRE A CESIÓN DE ESTRADAS MUNICIPAIS A DEPUTACIÓN PROVINCIAL

No pleno do mes de maio de 2018 debateuse a cesión de dous vías municipais a depuración provincial. A resultas deste debate solicítase informe os servizos técnicos.

Xinzo de Limia non só é a cabeceira da Comarca da Limia, senón que tamén e paso obrigado para a conexión dos municipios da contorna (Porqueira, Baltar, Blancos, Calvos de Randín, Rairiz de Veiga, Vilar de Santos e Vilar de Barrio) coas redes de comunicación autonómicas e nacionais, o que provoca que as estradas que o percorren teñan un tráfico mais elevado do que lle correspondería noutras circunstancias.

Doutra banda o Concello ten mais de 100 km de vías municipais, polo que seu mantemento é moi gravoso para os orzamentos municipais. Dado o carácter supramunicipal de algunhas preténdese a cesión a Deputación Provincial, para acadar un mantemento axeitado.

En particular hai dous estradas municipais que comunican vías de titularidade supra municipal e que soportan un tráfico moi superior o que terían de non darse esta circunstancia que son un claro exemplo do informado, polo que se entende que o mantemento debe ser asumido pola Deputación.

ESTRADA A LOMBA A LOURESES

Esta estrada comunica a estrada autonómica OU 301 coa Provincial OU 1112 percorrendo os pobos de Mosteiro de Ribeira, A Gorgoloza, Cima de Vila, Soutelo de Ribeira (no concello de Xinzo de Limia) e Loureses no Concello de Os Blancos.

O trazado total, que percorre os termos municipais de Xinzo e Os Blancos ten unha lonxitude conxunta aproximada de 6,700 Km. da estrada é o que se amosa na folla seguinte. No termo de Xinzo de Limia a lonxitude é de 5.535 Km, rematando o termo, e polo tanto a parte que se cede a Deputación Provincial no punto de coordenadas UTM (ETRS 89 – Fuso 29):

X= 601.074

Y= 4.649.804

ESTRADA O CABREIRO A GUDIN

Esta estrada comunica a estrada provincial OU 1107 coa Provincial OU 1108

Concello de Xinzo de Limia



Concello de Xinzo de Limia

percorrendo os pobos de Novas, Mosteiro de Gudín.

O trazado, dunha lonxitude aproximada de 2,500 Km. da estrada é o que se amosa na folla seguinte trala estrada descrita no parágrafo anterior.

Na ordenación de estradas provinciais estase a solicitar o traspaso de estradas que completarian o mapa provincial da maneira que se amosa:

(...)

Trazado estrada A Lomba – Loureses

(...)

COORDENADAS UTM

ETRS89 X= 601.074

FUSO 29 Y= 4.649.804

Trazado O Cabreiro – Gudín

(...)"

Non producíndose debate ditamínase favorablemente cos votos a favor dos concelleiros do grupo de goberno (PP) (5+1 o Alcalde), e coas abstencións dos Concelleiros do Grupo Municipal Socialista (2), dos concelleiros do grupo municipal "Xinzo Adiante" (2), e do Concelleiro do Grupo Mixto-BNG (1), a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Ceder a titularidade á Deputación Provincial de Ourense da Estrada A Lomba a Loureses, cunha lonxitude de 5.535 km, punto de coordenadas UTM (ETRS 89 – Fuso 29): X= 601.074 Y= 4.649.804, da Estrada O Cabreiro a Gudín, cunha lonxitude aproximada de 2.500 km, punto de coordenadas UTM ETRS89 X= 601.074 FUSO 29 Y= 4.649.804.

Segundo.- Solicitar á Deputación Provincial de Ourense a súa incorporación á Rede de Estradas da Deputación Provincial. (...) "

O **Sr Alcalde** da paso á quenda de intervencións.

O **Sr Ramiro Rodríguez Suárez** anuncia a abstención neste punto dado que considera que o feito de ceder as estradas a Deputación non soluciona o problema como se acredita ó observar o estado de conservación que teñen as estradas da Deputación, o pequeno orzamento que dedica a este obxecto así como o estado no que se atopa a pista de Vilar de Barrio que foi obxecto de cesión recente e na que as melloras implementadas pola Deputación son practicamente inexistentes.

O **Sr Manuel Pérez Campos** augura que o Concello vai acabar sendo absorvido pola Deputación porque xa non vai ter nada que facer, ao estar cedendo todas as competencias propias. Engade que a cesión á Deputación non é unha solución axeitada á vista do estado en que se atopan as estradas provinciais, motivo polo que considera que a estrada debe permanecer no patrimonio municipal, sendo o Concello quen ten que subsanar as eivas coas que conta.

A **Sra. Elvira Lama Fernández**, intervén para reiterar o exposto polos outros portavoces ó considerar que a Deputación non é un modelo de xestión das súas vías. Puntualiza que a cesión que se fixo no seu día da "Pista Lagoa" era motivada a causa dos accidentes de tráfico que puñan de manifesto a necesidade dunha importante inversión para a mellora



Concello de Xinzo de Limia

da seguridade vial, se ben reconece que a Deputación fixo pouco ó respecto. Remata a súa intervención indicando que no presente caso non existe motivación algunha que xustifique a cesión.

O *Sr Manuel Cabas López* intervén para dicir que considera que a cesión de dito vial é a mellor opción ca que contamos dado que presenta moito tráfico e ten que ser obxecto de moitas melloras, non dispoño o Concello de orzamentos para facer fronte ás mesmas.

O *Sr Alcalde* di que parece que nos atopamos ante un problema de “foto” pois anteriores cesións con máis cobertura mediática foron apoiadas pola oposición. Afirmar que o goberno municipal esixirá á Deputación que manteña en bo estado o vial cuxa cesión se pretende levar a cabo dado que o Concello non ten dispoñibilidade orzamentaria para facer fronte as eivas cas que conta, e trátase dun vial con moito tráfico de camiós, motivos todos eles polos que propoñen ó plenario que se incorpore dita vía na rede de Estradas da Deputación ó contar esta institución con maior dispoñibilidade orzamentaria para manter en bo estado as mesmas.

Tralas intervencións, a proposta de acordo ***resulta aprobada cos votos a favor dos Concelleiros do Grupo de Goberno (Grupo Municipal Popular (8+1, o Alcalde)), coas abstencións dos Concelleiros do Grupo Municipal Socialista (4), e do Grupo Mixto (1), e cos votos en contra do Grupo municipal “Xinzo Adiante” (3), adoptándose o seguinte acordo:***

Primeiro.- Ceder a titularidade á Deputación Provincial de Ourense da Estrada A Lomba a Loureses, cunha lonxitude de 5.535 km, punto de coordenadas UTM (ETRS 89 – Fuso 29): X= 601.074 Y= 4.649.804, da Estrada O Cabreiro a Gudín, cunha lonxitude aproximada de 2.500 km, punto de coordenadas UTM ETRS89 X= 601.074 FUSO 29 Y= 4.649.804.

Segundo.- Solicitar á Deputación Provincial de Ourense a súa incorporación á Rede de Estradas da Deputación Provincial.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

ROGOS E PREGUNTAS



Concello de Xinzo de Limia

ROGOS Manuel Pérez Campos:

1.- Seguimos insistindo que no parque Galicia seguen sen retirarse os armazóns das papeleiras vellas.

O **Sr. Alcalde** resposta que cree que xa foron retiradas pero de non ser o caso procederase á súa retirada.

2.- Tamén lle reiteramos que na rúa Marcelo Macías, cruce coa Sarxento Rodríguez o sumidoiro segue sen ter a reixa correspondente.

O **Sr. Alcalde** ordena ó Concelleiro de Obras que proceda ao arranxo.

ROGOS Elvira Lama Fernández:

1.- Xa se ten comentado a falta de luminarias en diferentes rúas da Vila de Xinzo, tamén nalgún dos pobos do Concello. Solicitamos a súa urxente reposición en Marcelo Macías, Curros Enríquez, Cruceiro, San Sebastián etc... Dado que temos externalizado o servizo, dean instrucións á Empresa concesionaria para que se faga coa maior celeridade.

O **Sr. Alcalde** resposta que se lle dará traslado á empresa para que se reparen á maior brevidade posible.

PREGUNTAS Manuel Pérez Campos:

1.- Teñen algunha persoa externa que se encargue do servizo de comunicación e da páxina "web" do Concello? De ser a resposta afirmativa, cal é o importe mensual ou anual de dito contrato?

O **Sr. Alcalde** resposta que se realizou un contrato polo prazo de 1 ano por importe de 17.480,00 €, sen IVE.

2.- Por que se lle negou o salón de actos da Casa da Cultura á Escola Municipal de Gaitas e Percusión de Xinzo de Limia para o festival de fin de curso?

O **Sr. Concelleiro de Cultura** resposta que por dificultades de programación se lle deron varias alternativas que foron rexeitadas pola Escola, e que finalmente o claustro de profesores decidiu facer o festival de fin de curso na propia escola.

3.- No pasado pleno informámoslles que hai moitos farois que teñen defectos máis ou menos graves polo que lles pedimos que se fagan as reparacións correspondentes ou a instalación de unhas novas á maior brevidade posible e a día de hoxe non se fixo aínda nada a pesar de que este servizo o fai unha empresa privada, teñen algún motivo para non facer as reparacións oportunas?

O **Sr. Alcalde** resposta que se arranxarán.

PREGUNTAS Elvira Lama Fernández:

1.- Cal é o número de nenos e nenas admitidos na Escola Infantil deste Concello, e cal é o número en lista de agarda?

O **Sr. Alcalde** resposta que a día de hoxe hai 51 matriculados, e ninguén na lista de espera.



Concello de Xinzo de Limia

2.- Cal foi o motivo para que o Día do Abrazo ó Río Limia os escolares do Concello e os que nos visitan, en vez de ensinarlle o noso patrimonio e riqueza, tiveramos que levalos ó Concello de Allariz?

O Sr. Concelleiro de Deportes resposta que a visita a Allariz realizouse por mor dunha petición de Ponte da Lima.

O Alcalde-Presidente,



Asdo.: D. Manuel López Casas

A Secretaria,

Asdo.: Dona Marta M.ª Gómez Ruíz.

Concello de Xinzo de Limia

C/ Curros Enríquez, 15, Xinzo de Limia. 32630 (Ourense). Tfno. 988550111. Fax: 988550112